



MIND THE GAP (II)

Conversa no messenger entre seis individuos de moi distantes lugares.

Cubano: ¿Que fixestes co meu país, tío?

Alemán: Atrévete a equivocarte e a soñar.

Canadense: A paz é moito máis que o non belicismo.

Coreano: E ti?

Galego na Arxentina: Son un bichiño pequeniño...

Yonki: Só mo arrebataredes morto.

- "A paz é moito máis que o belicismo" di:

Pero tío, abre os ollos. ¿Non te dás conta de que na maioría de países o número de mortos por armas de fogo non sobrepasan os 150 e nos Estados Unidos chega a 11100?

- "Só mo arrebataredes morto" di:

É que nós somos así porque todo o noso pasado estivo tinguido de sangue.

- "Atrévete a equivocarte e a soñar" di:

Bah, tío, non flipes, e logo cos nazis (120000000 de mortos) os indios exterminados por españois, a invasión de China por Xapón e os hindús falecidos a mans de ingleses.

- "Só mo arrebataredes morto" di:

Ben, nós somos unha sociedade multicultural. Hai moitos negros...

- "Son un bichiño pequeniño" di:

Pois eu vou andando por Bos Aires e vexo rosados, amarelos, negros, brancos,

café con leite...

- "Só mo arrebataredes morto" di:

É que meu pai con toda a pobreza....

- "A paz é moito máis que o belicismo" di:

Si, moitísima, nós temos o dobre de paro ca vós e a longo prazo...

- "¿Qué fixestes co meu país, tío? Di:

O voso erro é o afán capitalista que encobre o odio e o medo por todo que tedes...

- "¿Qué fixestes co meu país, tío? Di:

O número de mortos e de violencia descendeu nos últimos 10 anos, mentres que a venda de armas e munición ascendeu un 150%...

- "Atrévete a equivocarte e a soñar"

Por non dicir todos as noticias sobre atracos, mortes, roubos, pragas e posibles masacres.... Porque cando prendo os vosos canais televisivos, só vexo desgrazas.

- "¿Qué fixestes co meu país, tío? Di:

Estades acojonados.

- "Son un bichiño pequeniño" di:

As vosas mortes son proporcionais ó número de armas que tedes.



- "Só mo arrebataredes morto" di:

Iso non é razón ningunha. O meu é un país moi grande e as armas teñen só un fin lúdico, encántanos a caza. Ademais, en moitas familias, o ter unha arma na casa proporciónalles seguridade.

- "A paz é moito máis que o non belicismo" di:

Boh, iso é unha trola! Aquí o 70% das familias temos armas e non por iso imos matando a todos os que nos fan rillar os dentes.

- "¿E ti?" di:

O que pasa é que hoxe en día a ideoloxía dominante é o antiamericanismo...

- "¿E ti?" di:

As ideoloxías positivas, as que propoñen unha utopía, están gravemente enfermas. Así, o aspecto construtivo desapareceu, só queda o aspecto destrutor, o odio cara aos outros: a América, aos xudeus e ás mulleres.

- "Atrévete a equivocarte e a soñar" di:

Os americanos son uns



MIND THE GAP (II)



imperialistas.

-“¿Qué fixestes co meu país, tío?” di:
Putos globalizadores de merda!!!!!!

-“¿E ti?” di:
É unha falta de realismo e unha estupidez odiar a calquera.

-“Son un bichiño pequeniño” di:
¿Que é para ti o odio?

-“Só mo arrebataredes morto” di:
E iso que máis terá?!!!

-“Atrévete a equivocarte e a soñar” di:
É o contrario de amor.

-“A paz é moito máis que o non belicismo” di:
Mentira, o contrario é a lucidez, a coraxe e a autocrítica.

-“¿Qué fixestes co meu país, tío?” di:
O odio é a angustia ante a propia vulnerabilidade

-“¿E ti?” di:
Antipatía é aversión cara

unha cousa cuxo mal se desexa.

-“Son un bichiño pequeniño”
É un sentimento que nos dá seguridade e protección-

-“Só mo arrebataredes de morto” di:
Si home, e que máis. O que sodes vós é uns envexosos.

-“Son un bichiño pequeniño” di:
Non é iso , animal. É que lle reprochamos a Bush que non sexa Deus, cando sempre nos fixo crer que si.

-“¿Que fixestes co meu país, tío?”
Falando de Deus, ese non era o que amaba a todos os seres humanos? Eu non vexo que Bus sexa tan caritativo...

-“Atrévete a equivocarte e a soñar” di:
Non hai máis que ver as súas prioridades...

-“¿Qué fixestes co meu país, tío?”
E detrás del, van boa parte dos americanos. Porque xa se sabe, a onde vas tolo?, a onde van todos.

-“Son un bichiño pequeniño”
Que lle queres, é a súa maneira de ser... Agora vos mando un exemplo:

Galegos versus americanos, conversación real gravada da frecuencia de emerxencia marítima canal 106. Na costa Fisterrá, entre galegos e norteamericanos, en outubro, 16 de 1997:

-Galegos: Les habla el A-853, por favor, desviade o voso rumbo quince graos Sur para evitar colisións..... Aproxímanse cara a nós, distancia 25 millas náuticas.

-Americanos: Recomendamos que desviades o voso rumbo quince graos Norte para evitar colisións.

-Galegos: Negativo. Repetimos, desviade o voso rumbo quince graos Sur para evitar colisión.

-Americanos: Fala un capitán dun navío dos Estados Unidos de América. Insistimos, desviade o voso rumbo 15 graos Norte para evitar colisión.

-Galegos: Non o consideramos conveniente. Suxerimos que desvíen o seu rumbo 15 graos Norte para evitar colisión

-Americanos: Fálalles o capitán James Howard, ao mando do portaavións USS LINCOLIN, da Mariña dos Estados Unidos, o segundo navío máis grande da flota norteamericana. Escóltannos dous acorazados, seis destrutores, cinco cruceiros, catro submarinos e numero-



MIND THE GAP (II)



sas embarcacións de apoio. Dirixímonos cara as augas do Golfo Pérsico para preparar manobras militares ante unha eventual ofensiva de Iraq. Non suxiro, ordeno que desvíen o seu rumbo 15 graos Norte!!! Do contrario verémonos obrigados a tomar as medidas que sexan necesarias para garantir a seguridade deste buque e da forza desta coalición UDS. Pertencen a un país aliado membro da OTAN e desta coalición..... Por favor, obedezan inmediatamente e quíntense do noso camiño!!!!!!

-Galegos: Fala Juan Manuel Salas Alcántara. Somos dúas persoas. Escóltanos o noso can , a nosa comida, dúas cervexas e un canario que agora está durmindo. Temos o apoio da Cadea Dial da Coruña e o canal 106 de emerxencia marítimas. Non nos diriximos a ningún lado xa que falamos desde terra firme, estamos no faro A- 853 Fisterra, da costa de Galicia. Non temos a máis puta idea do posto no que estamos no ranking de faros españois. Poden tomar as medidas que consideren oportunas e lles dea a gana para garantir a seguridade do seu buque de

merda, que se vai dar un hostiazo contra as rochas, polo que volvemos a insistir e suxerimos que o mellor, máis san e máis recomendable e que desvíen o seu rumbo 15 graos Sur para evitar colisións.....!!!!!!

-Americanos: Ben, recibido, grazas.

-“¿Que fixestes co meu país, tío? Di: Veña oh!!! Ja , ja ja!!!!!!!!

-“Só mo arrebataredes morto” di: Ide por aí!!!! O mundo precisa unha forma de imperialismo para asegurar a orde e organización da sociedade.

-“A paz é moito máis que o non belicismo” di: Si, xa, coma a invasión de Oriente Próximo que pretende reafirmar a hexemonía do imperialismo americano.

-“¿Que fixestes co meu país, tío?” di: Por iso, non constitúe tan só unha guerra, é unha elección que decidiron sen máis os homes de Bus.....

-“¿Qué fixestes co meu país, tío?” di: E o carallo foi que en lugar do esperado aplauso popular, as tropas encontráronse cunha inesperada oposición.

-“Son un bichiño pequeniño” di:

O ocorrido en Iraq amosa que na actualidade o dereito internacional redúcese ao poder do máis forte.

-“Só no arrebataredes morto” di: Os pacifistas non son máis que uns ilusos.

-“Atrévete a equivocarte e a soñar” di: ¿E ti cres que as guerras xustas son as de defensa propia e as santas?

-“Só no arrebataredes morto” di: Claro, as guerras xustas son as de defensa propia e as santas.

-“¿E tí?” Di: O home en esencia é guerreiro e o seu afán de loita pódese bloquear, pero non suprimir.

-“A paz é moito máis que o non belicismo” di: Ningunha guerra ten xustificación algunha...

-“A paz é moito máis que o non belicismo” di: E menos as santas, non se deben matar as ideoloxías.

-“¿Que fixestes co meu país, tío? Di: As relixións son inútiles: Abandonaron as armas ante a visión do inferno na terra, ou por bendicilo.

-“Son un bichiño pequeniño” A única filosofía útil hoxe é a que nos ensina o que non queremos ver.

Rosa Mato, Bea Rey, Mirta Sueiro. 1º BAC. A.